



O empresario galeguista Valentín Paz Andrade, o biólogo Cruz Gallástegui (á dereita na fotografía do medio) e a cabeceira da revista *Galicía diplomática*. / XAVI CARBALLA / A NOSA TERRA

GROUCHIOS

O analfabetismo ilustrado

MANUEL RIVAS



Andan o furacán Ike polo Caribe. Por aquí, no verán, pasou un furacán cultural, o Steiner. Non rebaixo importancia ao poliglota trono, mais non hai mal que por ben non veña. A treboada de George Steiner ten un doado arranxo. A información básica. Situar Galicia como cómpre no mapa das isóbaras. Galicia non ten de agardar nin permiso do Estado nin a ser Estado para exportar os froitos da herdanza cultural. Xa chegou. Xa non queremos ser máis exportadores de tristura.

Houbo unha atinada resposta ao caso Steiner. A que asinaron en man común a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, O Pen Club e a Mesa de Normalización. Como adoitaba cualificar un vello profesor coruñés de Literatura, cando a redacción lle pracia, o comunicado foi "perfecto en execución e contido". George Steiner, un sabio do noso tempo, estaba mal informado. E ademais ten prexuízos, como todo o mundo. A esa resposta deuse despois un prolongamento innecesario. Abrir unha especie de "ficha de inimigo" ao xornalista que entrevistou a Steiner. As cartas entriba da mesa: considérome amigo de Juan Cruz, o entrevistador, mais tamén de Luís González Tosar.

Como editor, Cruz puxo toda a paixón en editar a escritores galegos como Carlos Casares. Tosar vén de publicar un libro de poemas, *Estírdiga materia*, que el só terma dunha literatura ou sistema literario. Por certo, eu non gusto nada desta expresión da ferraxeira estruturalista. O Sistema Literario Galego. Sempre nos entenderemos mellor falando de Literatura Galega. Eu penso que para sistema xa é dabondo co *penitenciario*. Aínda que tamén hai un restaurante en Chantada ben

chamado, neste caso, O Sistema. O patrón di che:

—Aquí o Sistema é o seguinte: Cocido no inverno e Churrasco no verán.

E entras no Sistema ou non entras no Sistema.

Supoño que o caso Steiner pode amañarse cun xantar ben estruturado e mesmo sistemático.

Mais Steiner estaba mal informado. A Cruz sorprendeuno cando o ensaísta soltou aquel falso gancho da presunta universidade onde era obrigado en todos os ámbitos, e para profesores e alumnos, o uso do idioma galego. quen e por que trasladou esas informacións falsas ao prestixioso intelectual, poñéndoo á fin en ridículo?

Un amigo cóntame unha disputa intelectual da que el foi testemuño nun bar. Duas persoas discutían sobre a procedencia das angulas. Unha sostíña que viñan todas dos Sargazos e o outro botaba as mans á cabeza. Un terceiro ofreceuse como documentalista e volveu co tomo dunha enciclopedia. O máis incrédulo berrou: —Velaí vén. Un burro cun libro na man!

Eu non digo que quen mal informou a Steiner fose un burro cun libro na man. Se cadra, eran varios os libros.

No noso tempo, das máis tristes historias da historia dramática da cultura, é a dos que entregan as súas enerxías a cultivar estigmas, a producir inapetencia, a propagar a bulimia cultural, a privar aos seus do gozo da diversidade. Estamos vendo o pouco que importa a verdade. Mais nunha sociedade aberta, e Galicia éo cada vez máis, a fabricación de trolas ten un efecto bumerán. O que hai detrás das campañas contra o galego nada ten de ver coa liberdade que pregoan. Se lose así, eles mesmos defenderían a co-oficialidade aínda non acadada no ensino. En realidade, trátase dun *clasicismo* que non quere dicir o seu

nome. Esas frases estariacedoras que mesmo saen radiadas:

—¿Por qué mis hijos tienen que estudiar el paletto?

Si, o caso Steiner é doado de solucionar. O problema témolo moi perto, no analfabetismo ilustrado. En Galicia non hai ningún problema en que unha persoa se exprese en castelán. O problema está nas persoas que non queren oír respirar o galego. Que o consideran prescindíbel, e pretenden un prescindiu colectivo. Iso si, con sentimentais oficios funerarios no gueto.

O Club Financiero de Vigo provocou outra treboada lingüística neste verán tan atmosférico. A verdade é que o texto merece un estudo de altura. Hai que facelo chegar a Steiner. Esa asociación causal que a entidade establece entre o uso da lingua galega e o atraso de Galicia é un documento extraordinario, de grande exotismo, xusto na época en que pasan a ocupar o primeiro plano conceptos como os recursos culturais, a sociedade do coñece-

Hai que facerlle chegar a Steiner o texto do Club Financiero. Merece un estudo de altura

mento e a industria da cultura. Magnificas as respostas de Franco Grande e Xavier Docampo. Mais talvez todo obedecer a unha campaña para darse a coñecer. A mellor proba do valor social do galego é que atacar o galego aporta unha certa celebridade. O Club Financiero debería ter súa propia sección de informes económicos. Mais iso non lles sae. Así que tranfan no mundo coa filoloxía. Para que logo digan que o galego non é útil!

Mais eu non penso asistir ás pompas funebres do galego, aínda que sexan no

Club Financiero. Prefiro ler *Pranto matricial*. A poesía de Valentín Paz Andrade.

Era o que facía el, Valentín, cando os consellos de administración ou as xuntanzas derivaban a ese ambiente de "profunda superficialidade" de casino de *celibateria show* dislazado de club británico.

—E que fai Valentín?

—Está a ler a Guimarães Rosa.

—Que vicio ten!

Se hai unha mente que enxergou a iniciativa empresarial, o pensamento económico, o profundar intelectual e a sensibilidade literaria a un tempo foi Valentín Paz Andrade (1898-1987). Non digo que fose único, mais el encarnou toda a complexidade da esfera ilustrada. Sentíase un elo entre unha tradición e un futuro. Na visión económica e empresarial, compensaba o seu liberalismo cunha fonda responsabilidade comunitaria. Ese era tamén o verdadeiro espírito de Adam Smith. Non escribiu unha autobiografía. Escribiu biografías dos outros. A mellor de Castelao é obra del, mais tamén glosou a Joseph de Cornide, ao arquitecto Palacios, a Bernardo Barreiro (o creador da magnífica *Galicía Diplomática*), a Cruz Gallástegui, figura clave da punteira Misión Biolóxica de Galicia. Todos eles son referentes xermi nais para construír o benestar galego.

Perseguido, desterrado, encarcerado Valentín Paz Andrade non gastou nin unha migalla de tempo en magoarse das propias feridas. Non perdeu o humor nin a coraxe. Cando era apoderado do propietario de *El Pueblo Gallego*, o xornal que espallaron a Portela Valladares, un xefe faustista ordenoulle que retirara un coche do garaxe do local. E Valentín respondeu: "Eu son o apoderado, vostedes son os que se apoderaron".

Por que está tan esquecido Valentín Paz Andrade? Por que a súa obra respira futuro desacomplexado. A comezar por *Galicía como tarca*. Bo título, si señor, para un ciclo no Club Financiero.